



VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA

Pazo de Montenegro

Praciña da Universidade, s/n. 27002 LUGO

Tfno.: 982 821 509. Fax: 982 821 506

Correo electrónico: vr.organizacion@usc.es

A *Normativa de Planificación Académica anual do curso 2019/2020* (en adiante PAA) aprobada no Consello de Goberno do 20/12/2018 establece como Anexo I o *Calendario de Planificación Académica anual*, no que figuran os prazos dos distintos procesos.

O *Calendario Académico* para o curso 2019/2020 aprobado no Consello de Goberno do 29/03/19, negociado coas universidades de A Coruña e de Vigo, regula, entre outras cuestións, o período de docencia, cualificacións e entrega de actas que afectan á gravación dos horarios das materias polo que, ao non terse aprobado, os centros non puideron comezar a gravar os ditos horarios.

Tendo en conta os dous calendarios citados e o capítulo II da *Normativa de PAA para o curso 2019/2020*, apartado 6 *Calendario de Planificación Académica Anual*, no que se autoriza a esta vicerreitoría a modificar os prazos establecidos no calendario por motivos imprevistos apreciados de oficio ou a petición dos axentes que interveñen na PAA,

RESOLVO,

Primeiro.- Modificar as datas do *Calendario de Planificación Académica Anual 2019/2020*, segundo se indica:

- **05 de abril**, data límite para que a vicerreitoría aprobe o PDA dos centros.
- **08 de abril**, apertura da aplicación Xescampus para a gravación dos horarios das materias.
- **30 de abril**, data límite para a gravación dos horarios das materias na aplicación Xescampus.
- **02 de maio**, apertura da aplicación Xescampus para que os departamentos introduzan o POD e a programación docente da materias.
- **23 de maio**, data límite para que os departamentos cubran o POD na aplicación Xescampus.
- **14 de xuño**, data límite para que a vicerreitoría aprobe o POD dos departamentos.
- **19 de xuño**, data límite para a aprobación da programación docente das materias nos departamentos e comunicación aos centros.
- **26 de xuño**, data límite para a aprobación da programación docente das materias nos centros e publicación na web institucional da USC.

Segundo.- Actualizar a información do *Calendario de Planificación Académica Anual 2019/2020*, incorporado como Anexo I na *Normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019/2020*.

Santiago de Compostela, 01 de abril de 2019

Por delegación do Sr. Reitor

(RR do 20.06.2018 – DOG do 29.06.2018)

A Vicerreitora de Organización Académica

María Celia Besteiro Rodríguez

Srs./as Decanos/as e Directores/as de Centro

Srs./as Coordinadores/as de Máster

Sres./as Directores/as de Departamento

Srs./as Responsables das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos.

ANEXO I

CALENDARIO DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA ANUAL 2019/2020 (modificación por resolución da Vicerreitoría de Organización Académica de data 01/04/19)

Datas	Centros	Departamentos	Vicerreitoría de Organización Académica
29/01/19	Apertura da aplicación Xescampus para que os centros cubran o PDA	Comunicación aos departamentos do inicio do proceso de PDA nos centros	
15/02/19	Data límite para que os centros cubran o PDA na aplicación Xescampus		
05/04/19			Data límite para que a vicerreitoría aprobe os PDA dos centros
08/04/19	Apertura da aplicación Xescampus para a gravación dos horarios das materias		
30/04/19	Data límite para a gravación dos horarios das materias na aplicación Xescampus		
02/05/19	Comunicación aos centros do inicio do proceso de POD e da programación docente das materias polos departamentos	Apertura da aplicación Xescampus para que os departamentos introduzan o POD e a programación docente das materias.	
23/05/19		Data límite para que os departamentos cubran o POD na aplicación Xescampus	
14/06/19			Data límite para que a vicerreitoría aprobe o POD dos departamentos
19/06/19		Data límite para a aprobación da programación docente das materias nos departamentos e comunicación aos centros	
26/06/19	Data límite para a aprobación da programación docente das materias nos centros e publicación na web institucional da USC		

Observacións: Este calendario afecta unicamente aos procesos nos que se modifican as datas establecidas na Normativa de PAA 2019/2020, curso 2019/2020, aprobada polo Consello de Goberno do 20/12/2018.